



BASES

DESCRIPCIÓN

Co gallo do Día das Letras Galegas o Concello de Soutomaior, a través da Concellería de Xuventude, promove este concurso relacionando a comunicación, a mocidade e a lingua galega.

O Concurso “VERBAS PARA... COMUNICAR” consiste na presentación dun traballo en lingua galega que pode ser presentado en formato texto - redacción ou audiovisual. No cal se transmita unha idea, sentimento, opinión, etc., que queiramos comunicar e compartir con outras persoas.

OBXECTIVOS

Promover a comunicación da mocidade para que expresen o que senten, pensan ou queren dicir usando a lingua galega.

Normalizar e fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade, fóra de contextos formais e institucionais, dun xeito atractivo e lúdico.

Visibilizar o uso da lingua galega en contextos culturais, de lecer e tecnolóxicos para potenciar os seus valores como unha lingua próxima, útil e moderna e rachar estereotipos.

PERSOAS DESTINATARIAS

- Mozos e mozas matriculados/as nalgún curso da ESO ou Bacharelato e que estuden no IES Soutomaior ou no Colexio Santiago Apostol.

DATOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

- A temática será libre.
- Todos os traballos que se envíen en calquera das modalidades deberán estar expresados correctamente en lingua galega, sen faltas de ortografía.
- Cada persoa ou grupo poderá presentar un único traballo que deberá ser inédito.
- A organización desbotará e non entrarán en concurso aqueles traballos que conteñan mensaxes discriminatorias, sexistas, violentas, groseiras ou ofensivas.
- Os traballos premiados exporanse na web e remate o concurso aparecerán co nome e apelidos dos/as autores/as os traballos premiados.

Tamén se lles dará repercusión a través das redes sociais empregadas pola Concellería: Facebook, Instagram, etc.

CATEGORÍAS POR CURSOS

- Categoría A: 1º,2º,3º ESO
- Categoría B: 4º ESO, 1º, 2º BAC

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

1) **Redacción:** dun texto en lingua galega que transmita unha idea, sentimento, etc., Só presentación individual. O tamaño do texto non poderá ser superior ás 12 liñas.

O soporte será o papel ou cartolina e o seu tamaño non poderá superar un folio A4, pero si poderá ser inferior a este. O formato de presentación do papel ou cartolina será libre.

2) **Audiovisual:** elaboración dun vídeo (curta) ou audio (tema musical ou outros) cunha duración máxima de 5 minutos. Pode presentarse de xeito individual ou grupo/clase. Pode ser gravado con móbil ou cámara. Obrigatorio que teña mensaxe en galego escrita ou verbal.

PRESENTACIÓN. Prazo e forma de presentar os traballos.

Ata o 11 de maio ás 20.00 h.

Os traballos presentaranse EN LIÑA a través da web:

<https://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/programas-xuventude/verbas-para-comunicar>

Na modalidade redacción subírase unha imaxe ou PDF do traballo e na modalidade audiovisual enviarase o vídeo por whatsapp á OMIX (tel. 638822868)

OBSERVACIÓNS: se algunha persoa ou centro ten dificultades para entregar en liña os traballos pode poñerse en contacto coa OMIX para entregar o traballo presencialmente.

Neste caso lembre que os traballos non poden conter datos persoais.

Todos os traballo estarán expostos virtualmente nesta web para a súa difusión.

PREMIOS

MODALIDADE REDACCIÓN

CATEGORÍA A

- 1º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 2º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 3º PREMIO AURICULARES GAMING
- 4º PREMIO AURICULARES GAMING
- 5º PREMIO MP3 CON VIDEO
- 6º PREMIO PULSEIRA MISMARTBAND 5

CATEGORÍA B

- 1º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 2º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 3º PREMIO AURICULARES GAMING
- 4º PREMIO AURICULARES GAMING
- 5º PREMIO MP3 CON VIDEO
- 6º PREMIO PULSEIRA MISMARTBAND 5

MODALIDADE AUDIOVISUAL INDIVIDUAL

CATEGORÍA A

- 1º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 2º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 3º PREMIO AURICULARES GAMING
- 4º PREMIO AURICULARES GAMING
- 5º PREMIO MP3 CON VIDEO
- 6º PREMIO PULSEIRA MISMARTBAND 5

CATEGORÍA B

- 1º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 2º PREMIO MOBIL WIKO VIEW 4 LITE ORO
- 3º PREMIO AURICULARES GAMING
- 4º PREMIO AURICULARES GAMING
- 5º PREMIO MP3 CON VIDEO
- 6º PREMIO PULSEIRA MISMARTBAND 5

MODALIDADE AUDIOVISUAL GRUPAL

**Grupal soamente permitida na modalidade audiovisual.

Dadas as circunstancias actuais derivadas da COVID-19 nesta edición soamente se admitirán as propostas presentadas por aula/ grupo habitual de clase.

Neste caso os premios serán:

CATEGORÍA A

- 1º PREMIO - VALE 80€
- 2º PREMIO - VALE 60€

CATEGORÍA B

1º PREMIO - VALE 80€

2º PREMIO - VALE 60€

**os vales soamente se poderán canxear por material educativo que irá dirixido ao alumnado do grupo/aula. Será xestionado polo titor/a do grupo. O PRAZO PARA CANXEAR OS VALES SERÁ DE DOUS MESES DESTE A DATA DE ENTREGA DOS PREMIOS E IRÁ INDICADA NA PARTE DE ATRÁS DE CADA VALE.*

A maiores destes premios todas as persoas que participen neste concurso recibirán un agasallo.

ENTREGA DE PREMIOS

O DÍA DA ENTREGA DOS PREMIOS SERÁ EN MAIO coincidindo coa data de conmemoración das Letras Galegas.

A hora, data e lugar queda pendente de concertarse cos centros para a súa mellor comodidade. No caso de ser necesario un cambio na data, hora ou lugar de entrega comunicárase previamente ás persoas interesadas. As persoas premiadas que non estuden nestes centros serán avisadas para que veñan a recoller o agasallo ou no seu caso o premio, se lles corresponde algún.

O XURADO

O concurso poderá declararse deserto, no seu conxunto ou nalgunha das modalidades ou categorías anteriormente mencionadas, se así o estiman os/as membros do xurado. A decisión do xurado será pública e inapelable. No caso de quedar desertos algúns premios o xurado poderá establecer que se premien traballos utilizando os premios que queden desertos nalgunha das categorías sempre motivando a decisión.

O xurado estará conformado por tres vogais con voz e voto que serán os mestres/as de lingua e literatura galega de cada centro escolar ou persoas expertas alleas aos centros.

Actuará como secretaria e levantará acta da sesión a Técnica de Xuventude. Decidirase se a reunión do xurado vai a ser virtual ou presencial tendo en contas as restricións e recomendacións COVID-19 do momento no que se realice.

Criterios de valoración: mensaxe, presentación, calidade creativa e estética, orixinalidade da obra, riqueza de vocabulario, expresividade lingüística, idade dos/as participantes e o grao de elaboración do contido en relación á conmemoración do día das Letras Galegas e ao fomento do uso da lingua galega.

**A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA QUE A PERSOA
ACEPTA INTEGRAMENTE ESTAS BASES.**